

En elprogreso.galiciae.com utilizamos cookies propias y de terceros para mejorar nuestros servicios y mostrarle publicidad relacionada con sus preferencias mediante el análisis de sus hábitos de navegación. Si continúa navegando, consideramos que acepta su uso. Puede cambiar la configuración u obtener más información en **Política de Cookies**.

Acceptar Cookies

[Lugo](#) [Galicia](#) [Economía](#) [España](#) [Mundo](#) [Deportes](#) [Sociedad](#) [Sucesos](#) [Opinión](#) [Multimedia](#)

[Comarcas](#) ▶ [A Chaira](#) [A Mariña](#) [A Montaña](#) [A Ulloa/Melide](#) [Comarca de Lugo](#) [Ribeira Sacra](#) [Sarria](#) [Provincia](#)

jueves 23 de febrero de 2017

ELPROGRESO



DE ACTUALIDAD ▶



Geert Wilders



Marine Le Pen



Silvio Berlusconi

▶ CAMILO FRANCO

★★★★★ 5 (1 voto)



SOCIEDAD | CULTURA



A cea dos descontentos

Todo parece comenzar inocentemente. Pero a inocencia é a versión confiada do mal. En 'Raclette' hai un drama moi de agora contado como é o presente: unha reconstrución de historias que se presentan como inconexas. Na nova montaxe de Ibutrofeno Teatro as cousas son o que parecen e, sen embargo, acaban onde o espectador non espera.

sky VEGAS

Play Now

WAGERING REQUIREMENTS 18+ T&C APPLY GAMBLEAWARE.CO.UK

AdChoices



Unha das esceas de 'Raclette'. AEP

Lunes 7 de Marzo de 2016 | Camilo Franco

SUPOÑO QUE nos xuntamos para cear. Un acto social. Unha demostración máis de que a vida humana está formada por subconxuntos. Tocou cea e a pesar de que as formalidades de agora non son como as de antes, seguen pesándonos as formas, sexan educación ou hipocrisía. Se non é que a segunda é unha aplicación indiscriminadamente interesada da primeira. En todas as ceas hai unha mesa, unhas expectativas que teñen pouco que ver coa alimentación, algunhas tentativas de socialización que teñen no sentido do humor o principal argumento e cando menos hai un conflito. Cando menos ten que haber un conflito. Ese conflito. Estamos todos descontentos.

En *Raclette* hai unha soa mesa pero hai moitos conflitos. Porque hai máis problemas que fame. En *Raclette* hai unha soa mesa pero varias ceas, capas paralelas de ceas que parecen ter unha soa intención: poñer en evidencia os problemas. Os personaxes de 'Raclette' son sufridores. Viven na noite dos descontentos e están en permanente batalla por encontrar quen é o culpable dos seus males. A culpa: esa invención cristiá que acaba por embarullalo todo sen amañar nada.



Noticias relacionadas

Sardá: "El que representa la mala leche es Trump"

Estudian denunciar a una discoteca

Na última obra de Ibufeno as vidas están cruzadas de problemas que, en algún caso, están entendidos como unha necesidade non satisfeita. *Raclette* pon a lupa sobre uns personaxes comúns, algo detestables nas súas manías e que padecen esa confusión intencionada entre o egoísmo e a supervivencia. Non están moi lonxe das cousas correntes da vida. Teñen algo en común aínda que non o saiban: están descontentos. Intimamente descontentos. Uns están golpeados polo drama, por iso que en galego dos setenta era unha desgraza. Outros están intranquilos de nacemento ou por encontrar un casamento apropiado entre o discurso público e o privado. Entre ser apocalíptico ou integrarse. En aceptar diñeiro como o único animal de compañía.

Santiago Cortegoso, autor e director de *Raclette*, conta os personaxes desde as súas miserias. Quizais non son tanto porque son comúns. Son parellas que se levan mal con motivo. Pero quen non ten? Séntense atrapados pero non acaban de encontrar os motivos de verdade porque os motivos son os outros. A culpa son os outros. Como se encontrar culpables aos demais fose un atenuante. A culpa é como os pactos en política: sempre son os demais quen non se baixa aos nosos argumentos.

Por este lado é unha obra contemporánea: porque parece que a contemporaneidade, máis que interesada na solución, está decidida a contarnos os problemas. Aínda máis: a facernos ver que eses problemas contados son máis importantes que os outros. Que os os problemas individuais son significativamente máis reveladores que os colectivos. O ser humano é unha especie narcisista, tan narcisista que é capaz de facer de algúns problemas o centro do universo.

Ibufeno ataca *Raclette* desde dúas perspectivas. Unha delas é guiar ao espectador por unha historia cunha disposición narrativa inesperada. Cortegoso propón unha reconstrución e mentres os espectadores recolocan as pezas descubrirán que hai algunhas que non eran previsibles. A reconstrución reconverte o drama noutro xénero. Quítalle algo da rispidez da realidade ou deixa constancia que nunha narración sempre queda algo do escudo espellado que lle permitiu á Perseo matar a medusa sen ten que morrer el. A outra liña de ataque da compañía é unha certa verdade escénica que supón que os dramas son dramas e que hai que

que paga a mujeres por ir "sin bragas"


Bowie gana el Brit al artista del año en el Reino Unido de forma póstuma



vivilos así, cun nivel de dor en relación. Hai unha certa contradición entre unha proposta de reconstrución e unha interpretación dramática porque a primeira propón unha distancia e a segunda un xeito de achegarse. A montaxe traballa sobre esa tensión e aproveita algunhas desas distorsións para situar ao espectador nese punto no que os dramas alleos poderían pasar por propios. Por veces vai interpretativamente un pouco máis alá, como se os feitos non fosen suficientes.

Cortegoso leva ao espectador a un final. Ao final dun drama que, en certo modo, sería o comezo doutro. Dun drama aínda máis definitivo que o cristalizado arredor dunha mesa. O final, como todo o mundo sabe pola vida corrente, non é unha solución. Ao final está a palabra fin, pero isto non quere dicir que os dramas pasen. Os problemas nin se crean nin se destrúan, só se van transformando uns noutros alimentados por ese descontento de especie que intúe as súas culpas pero se nega a aceptalas. *Raclette* déixase ir no final porque o teatro precisa un punto. Pero a solución narrativa que se ofrece, en realidade, sería a entrada a outro drama aínda máis grande.

A obra déixase seducir por esa metáfora de que mentres hai cea hai unha tregua na que podería haber unha solución para todo. Logo avanza a cea e todo se entrapa máis e volvemos sobre esa vella idea de que todo o campo está minado. Incluso as sobras da cea. Descubre o espectador o máis grande dos argumentos naturalistas: Todo é para mal. Incluso as solucións. Sobre todo as solucións.



TÁBOA REDONDA | CAMILO FRANCO | TEATRO

Y además



Jetzt bei CosmosDirekt



Fest- und Tagesgeldanlagen bis



Reduzierte Top-Marken in der

abschließen und beste Absicherung vom Marktführer* genießen.

Familie absichern



Diese 1900%-Biotech-Aktie ist Ihre Chance, in 2017 ein gigantisches Vermögen zu machen!

Reich dank Biotech!

1,60% - Kostenlos anmelden und beste Zinsen sichern!

Top Fest- und Tagesgeld



Schwarze Liste 2017: Diese Aktien müssen Sie sofort verkaufen!

DAX-Absturz in Kürze

Zalando Lounge – nur für Mitglieder! Jetzt anmelden & shoppen

Zalando Lounge Schuh Sale



Zum 50-jährigen Jubiläum: Original Krugerrand zum sensationellen Preis von nur 50€ sichern

Krugerrand für nur 50 €

Ofrecido por

Lo Más Leído

O Garañón será demolido

La defensa de García Adán, dispuesta a pedir su libertad en el Constit...

Niños de Paradai y Monforte ganan los premios Muralla de Lugo

Cazan a Iglesias y Montero dándose un beso

Día caótico en O Fiuco con hasta tres cierres en la misma jornada y 4...

Caudillismo y populismo

STROSSLE

Comentarios

Nombre: *

Email: *

Escribe tu

comentario: *



Introduce el texto de la imagen



Enviar comentario

! Los comentarios enviados fuera del horario de moderación, serán aprobados al día siguiente.

Serán borrados los comentarios que contengan insultos y/o contenidos inadecuados. Para cualquier duda, consulta la [guía de comentarios](#).

OportuniGADIS 24 febrero  **Gallito ración** Kilo **5,45 €** **GADIS**

EL PROGRESO



Diario de Pontevedra

Galiciaé

